

REGULAMENTO

LIGA GALEGA DE

CLUBS

INFANTIL

Masculina e

Feminina

REGULAMENTO

LIGA INFANTIL: Masculina e Feminina

1.- PARTICIPACIÓN

A LIGA GALEGA INFANTIL 2024 son competicións abertas a todos os clubs de Galicia afiliados a mesma.

Todos os padexeiros e clubs galegos, para poder participar nesta Liga deberán de estar en posesión da licencia federativa actualizada para a tempada 2024.

Os clubs que desexen participar en esta Liga deberán de inscribirse unha semana antes do inicio da mesma.

Será por Equipos: Masculina e Feminina.

Na Liga Infantil poderán participar os deportistas nados entre os anos 2010-2011. A participación será unicamente como categoría Infantil A (2010) e Infantil B (2011).

Os deportistas so poderán participar nunha ÚNICA modalidade (caiac ou canoa) en cada competición.

Os clubs de fora de Galicia que desexen participar en calquera das competicións que forman parte da LIGAS 2024, poderán facelo sempre e cando cumpran os requisitos establecidos e as normas aprobadas pola Asemblea da F.G.P. sobre afiliacións a clubs e deportistas da tempada 2024, salvo nos distintos Campionatos Galegos a celebrar na tempada 2024 nos que non terán dereito a participar.

Os padexeiros e clubs de fora de Galicia que participen nunha competición terán dereito a súa presea ou trofeo no caso de que lle corresponda pola súa clasificación na mesma, pero quedando excluídos dos premios en metálico en xogo.

2.- COMPETICIÓN PUNTUABLES DAS LIGAS 2024

Son competicións puntuables desta LIGA 2024, as que figuren como tales no calendario oficial da tempada 2024 para estas categorías, tanto nas modalidades de pista fondo (3.000 metros) como as de pista na distancia de 1.000 metros.

3.- INSCRIPCIÓN

Cada club poderá inscribir nas distintas competicións, o número de padexeiros que considere oportuno, sempre e cando estes cumpran as normas establecidas no presente regulamento e o de cada competición.

Os deportistas de categoría Infantil B poderán subir a categoría Infantil A soamente para facer barcos de equipo e sempre e cando o 50 % da embarcación esté formada por Infantís A.

Nas embarcacións de K2 e C2 as mulleres poderán completar as embarcacións sempre e cando non superen o 50% dos tripulantes e competirán na categoría masculina.

Nas embarcacións de K4 e C4 as mulleres poderán completar as embarcacións sempre e cando non superen o 50% dos tripulantes e competirán na categoría masculina.

4.- SISTEMA DE CLASIFICACIÓN POR COMPETICIÓN, CATEGORÍAS, MODALIDADES E DISTANCIAS

COMPETICIÓN DE FONDO 3.000 metros.

As embarcacións e distancias serán as seguintes:

Modalidade	Categoría	Distancia
Caiac	Infantil Masculina "A" e "B" Infantil Feminina "A" e "B"	K-1, K2, K-4 3.000 metros
Canoa	Infantil Masculina "A" e "B" Infantil Feminina "A" e "B"	C-1, C2, C-4 3.000 metros
Paracanoa	Infantil Masculina Infantil Feminina	

O número de deportistas inscritos por club é ilimitado.

No Campionato Galego de K2/C2 e K4/C4 3.000 m. os deportistas da categoría Infantil B poderán subir a categoría Infantil A para completar a embarcación e competirán en Infantil A.

Sobre o tempo do TERCEIRO CLASIFICADO no percorrido total da regata (3000 metros), para cada modalidade e categoría, existe un TEMPO DE PECHERÍA DE CONTROL, a efectos de puntuación positiva para os clubs. As embarcacións entradas en meta dentro do TEMPO DE PECHERÍA DE CONTROL puntuarán positivo e o resto das embarcacións puntuarán CERO (0) PUNTOS.

O tempo de Pechería de Control, para cada modalidade e categoría será o seguinte:

Homes e Mulleres K-1/K-2/K-4.....	6,00 minutos
Homes e Mulleres Infantís A C-1/C-2/C-4.....	8,00 minutos
Homes e Mulleres Infantís B C-1/C-2/C-4.....	10,00 minutos

CAMPIONATOS GALEGOS DE PISTA

As embarcacións e distancias serán as seguintes:

CATEGORÍA	500 metros	1000 metros	200 m.
Caiac Masculino: Infantil "A" e "B"		K-1, K-2 e K-4	
Canoa Masculino: Infantil "A" e "B"		C-1, C-2 e C-4	
Caiac Feminino: Infantil "A" e "B"	K-1, K-2 e K-4		
Canoa Feminino: Infantil "A" e "B"	C1, C2 e C-4		*C-1 feminino infantil "A"
Paracanoe Masculino e Feminino Infantil	K-1 e C-1		

Os deportistas no Campionato Galego de Pista poderán participar nun máximo de 2 regatas.

Todos os deportistas inscritos participarán nunha contra reloxo, agás que estivesen inscritos 9 ou 10 deportistas, neste caso disputarán unha final directa.

Si houberse máis de 10 inscritos en calquera categoría, os nove primeiros clasificados da contra reloxo disputarán a FINAL A e os nove seguintes a FINAL B.

Celebrarase a final B sempre e cando esta se complete cos 9 deportistas na liña de saída, no caso de que a final no esté completa non se celebrará.

Si non houberse os 9 deportistas para dita celebración, os que estean puntuarán no orde no que se teñan clasificado na contra reloxo.

Nas competicións da modalidade de Pista (1.000 metros), haberá un tempo de peche de control de entrada en meta en cada unha das saídas en cada modalidade/distancia, que será o seguinte despois de que entre o primeiro clasificado en cada serie: (aplicable a contra reloxo tamén).

1.000 m..... 1,30''

500 m..... 45''

5.- PUNTUACIÓNS

As puntuacións que rexeran nas Ligas 2024, serán as que indiquen os regulamentos específicos de cada competición, según sinala o presente articulado.

COMPETICIÓNS DE FONDO 3.000 metros.

Todos os deportistas que entren nas finais nas distintas distancias, modalidades e embarcacións terán as seguintes puntuacións:

Infantís "A" e "B": 1º 230 puntos, 2º 227, 3º 224, 4º 222, 5º 221,..... etc.

A efectos da clasificación xeral de clubs tomaranse os puntos alcanzados por todos os deportistas que entren en tempo DE CONTROL, segundo establece o presente regulamento, sendo a puntuación: 1º Clasificado..... 70 puntos, 2º..... 68, 3º..... 66, 4º..... 65 e a partir de aquí a puntuación irá decrecendo de punto en punto.

En cada competición da Liga Galega Infantil haberá unha clasificación Masculina e Feminina, os clubs e deportistas clasificados nos tres primeiros postos recibirán o premio correspondente (no caso da modalidade de home e muller canoa, A e B, recibirán medalla por separado os zurdos e os diestros, pero a puntuación para o club nesas modalidades será única sin separación).

CAMPIONATO GALEGOS DE PISTA

Todos os deportistas que entren nas finais A e B nas distintas distancias, modalidades e embarcacións terán as seguintes puntuacións:

FINAL A		FINAL B	
1º	36	1º	24
2º	34	2º	22
3º	32	3º	20
4º	30	4º	18
5º	29	5º	17
6º	28	6º	16
7º	27	7º	15
8º	26	8º	14
9º	25	9º	13

No caso de que foran xustamente 10 deportistas os inscritos nunha categoría, celebrarase unha única final con 10 deportistas, é este deportista nº 10 acadará 24 puntos.

Si foran 27 ou máis inscritos na contra reloxo, ademais dos puntos dos dezoito primeiros (que disputarán as Finais A e B), acadarán puntos os 9 seguintes (sempre e cando entren dentro de tempo de control) como sigue e no orde de clasificación da contra reloxo: 19º 12, 20º 10; 21º 8, 22º 6, 23º 5, 24º 4, 25º 3, 26º 2 e 27º 1.

Aqueles deportistas que non se clasifiquen en puntos para o seu club, e queden fora do tempo de control establecido para cada categoría terán unha penalización de -10 puntos para o seu club.

Cada embarcación non anulada e que non se presente na liña de saída sancionase cunha contía de 20€ (son vinte euros) e -10 puntos para o seu club.

As embarcacións de Equipo (K-2, K-4, C-2 ou C-4), para poder puntuar por un club, deberán ser tripuladas por padexeiros do mesmo equipo.

6.- CLASIFICACIÓN XERAL DE CLUBS

Cos puntos obtidos por cada club, a tenor dos regulamentos específicos, establécese unha clasificación definitiva dos clubs galegos participantes na Liga Infantil (masculina e feminina), aos que se lles dará unha puntuación definitiva que será:

1º Clas.70 puntos, 2º..... 67, 3º.... 65, 4º..... 64, 5º.....63.....

Tódalas competicións da Liga son puntuables para a clasificación xeral final.

Todos os clubs que non participen nunha competición recibirán 0 puntos. Para poder optar a esta puntuación, os clubs deberán de participar no 50% das competicións oficiais, no caso de ser número impar, será o 50% máis 1.

Por exemplo: 13 competicións oficiais..... 7 competicións obrigatorias

Os gañadores desta clasificación serán os que sumen máis puntos unha vez disputadas todas as competicións.

7.- DESEMPATES

En cada competición desempatará a categoría que teña o maior número de participantes.

No Campionato Galego de Pista desempatará a categoría individual con maior número de participantes.

Na clasificación xeral da Liga Galega Infantil no caso de existir será o gañador o que teña un maior número de primeiros postos nas competicións, segundos postos, terceiros postos etc. No caso de non resolverse o empate se realizará un sorteo que dicte o gañador.

8.- NORMAS ESPECIAIS PARA INFANTÍS EN REGATAS DE PISTA

De cara a facilitar a participación e aprendizaxe dos deportistas de categoría infantil nas competicións de Pista, fanse as seguintes salvedades:

- Ante a obrigatoriedade de navegar polo centro da estaxe, daranse DOUS avisos ao deportista, antes de prodecer a unha eventual descalificación.
- No proceso de acercamento ao cazo de saída, si o deportista golpea dito cazo, daraselle un aviso, podendo ser descalificado no caso dun segundo golpeo.

9.- OUTRAS NORMAS

Para todas aquelas normas que non se atopen estipuladas no presente regulamento nin no regulamento específico de cada regata puntuable en cada Liga, rexirase pola normativa do Regulamento Xeral das Ligas Galegas da Federación Galega de Piragüismo e do Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da R.F.E.P. e polo Regulamento Nacional da especialidade correspondente e do Regulamento de Disciplina e Estatutos da F.G.P.

10.- ENTREGA DE PREMIOS CAMPIÓNS LIGAS

O premio final da Liga Infantil será entregado soamente aos tres primeiros clubs clasificados masculino e feminino.

Estos premios serán entregados nun acto a determinar polar Xunta Directiva da F.G.P.

11.- INFORMACIÓN

Para maior información deste Regulamento, os interesados poderán dirixirse a Federación Galega de Piragüismo (Rúa Gavian s/n Centro deportivo Pontillón de Castro 36151-Verducido- Pontevedra), Tfños de contacto: 986842106 e e-mail: kayak-canoa@fegapi.org e a páxina web: www.fegapi.org.

Vº Bº PRESIDENTE

O SECRETARIO

